

Visitas 2023



# GANDEIRO POR UN DÍA

Programa de visitas a ganderías da cooperativa CLUN

**FEIRACO**

## INFORMACIÓN XERAL

**Datas:** os venres do 5 de maio o 16 de xuño

**Horario:** 10:00-12:30 aprox.

**Duración:** 2,5h

**Grupos:** máximo de 50 persoas por visita. Idades de 5 a 14 anos.

## PROGRAMA DE VISITAS

Dirixido a:

- Colexios de primaria e primeiro ciclo de E.S.O. (1º E 2º)
- Campamentos de verán
- Asociacións culturais

---

## Gandeiro por um día

Como é un día na granxa? De onde vén o leite? Canto comen as vacas? Que cuidados necesitan para dar o mellor leite? Queremos que veñas vernos para ensinarche como é a vida das nosas vaquiñas dende que nacen ata que dan o delicioso leite que chega á túa casa.

Resolveremos toodas as túas curiosidades durante a visita a unha das nosas granxas, na que as vacas están mooooi ben coidadas para obter o leite máis rico da nosa terra!

---

## CAL É O PERCORRIDO?

**Ola a todos!:** Darémosche á benvinda xunto co gran equipo que se encarga de que a granxa funcione perfectamente durante todo o ano.

**Benvidos ó mundo: Os becerros:** Comezaremos a visita polas cuadras onde están os becerros. Están en grupos para estar en contacto e medrar sans e felices. Aquí darémoslle o bibe que taanto lles gusta!

**Sala de muxido: De onde vén o leite?:** a parada máis divertida! Onde veremos cómo se moxen as vacas, canto dura un muxido, o cariño que hai que poñer para muxir... unha tarefa que se fai tódolos días nas ganderías!

**A despensa:** A gran despensa da granxa onde gardan os silos cos que alimentan o gando. Aquí descubriremos qué comen as vacas, como se elabora a comida, e como se conserva. Ofreceremos a oportunidade de ulir, tocar e mirar como son as diferentes mesturas e texturas.

**As cuadras:** as cuadras, o “spa” das vacas onde están xuntiñas, teñen camas xigantes para estar cómodas, cepillos moi grandes para masaxearse e tamén onde se lle dá a comida da despensa. A vida das nosas vacas é unha vida feliz e non lles falta de nada!

## As granxas e o medioambiente:

Sabías que as ganderías son as responsables das bonitas paisaxes do rural galego onde viven moitos animais de pradeiras? E que as granxas son un exemplo de práctica de economía circular? A maioría da alimentación das vacas prodúcese na granxa (herba, millo...). E o xurro que se xera, volve ós prados para abonalo. No teu día como gandeiro descubrirás este e moitos máis segredos sobre a gandería e o rural!

**Merenda** Para recuperar forzas haberá merenda de iogur para beber Feiraco.

**A xogaaarrrr!:** Poñeremos a proba o teu talento como gandeiro, xogar a ser gandeiro e moi divertido!

## QUERES VIR A VISITARNOS?

Esríbenos a [visitas@clun.es](mailto:visitas@clun.es) cos datos do teu grupo e responderémosche o antes posible. ☺

Ten en conta:

- **As visitas** realizaránse cada **venres** a partir de maio.

---

## NORMAS

- É necesario reservar previamente a visita e confirmala..
- Os grupos son de mínimo 15 persoas e máximo de 50.
- Os alumnos deberán vir acompañados por un titor cada 8-10 alumnos.
- No caso de grupos de máis de 25 alumnos, dividerémolos en dous.
- Deixaremos as mochilas no lugar do recinto destinado para as actividades.
- Recomendamos vir con calzado impermeable.
- Por cuestión de tempo e espazo mon será posible facer o xantar na granxa.
- A granxa é un lugar de traballo e debemos ser o máis respetuosos posibles durante a visita.
- Se no recinto non houbese zona suficiente para aparcar o autobús, indicaremos unha zona próxima onde facelo.